


Camiño do Xacobeo



CEIPP DE SIGÜEIRO

Curso 2021/22

Bibliotecas
escolares
de Galicia






A MOCHILA DO PEREGRINO



4º EDUCACIÓN INFANTIL


QUE LEVAN OS
PEREGRINOS NA
SÚA MOCHILA?



ESCANÉAME

DESPOIS DE INVESTIGAR E
PREGUNTAR, OS ALUMNOS INTENTAN
AXUDAR AO PEREGRINO A FACER A
MOCHILA E METEN NELA O
REALMENTE IMPRESCINDIBLE E
NECESARIO PARA FACER O CAMIÑO.






A MOUTEIRA E A FRECHA


5º EDUCACIÓN INFANTIL

QUE É UNHA
MOUTEIRA? QUE
INDICA A FRECHA?




ESCANÉAME


TODO PEREGRINO TEN QUE COÑECER
ESTES SÍMBOLOS PARA INICIAR O CAMIÑO.



FRECHA AMARELA: Un dos indicadores máis importantes que sinaliza o Camiño e que se atopa pintada en árbores, no chan, en sinais verticais, paredes, pedras, etc.

MOUTEIRA: Construción de pedra ou formigón cravada no chan na que se pode ver a frecha, a vieira e os quilómetros que faltan para chegar a Santiago.






O BORDÓN, A CUNCHA E A CREDENCIAL

6º EDUCACIÓN INFANTIL




QUE SON? E... PARA QUE SE USAN?



ESCANÉAME

TRES IMPRESCINDIBLES DO PEREGRINO...





BORDÓN: É o bastón do peregrino. Facíase con madeira de castiñeiro ou abeleira. Usábase como apoio e para defenderse. Debe ser máis alto cao ombreiro do peregrino.

CUNCHA: É unha cuncha de vieira. Antes levábana cando saían de Compostela. Usábana para beber. Agora lévana posta como símbolo do Camiño.



CREDENCIAL: É un documento do peregrino. Nel pónense selos. Pódese selar en albergues, concellos ou igrexas do Camiño. Debe ter mínimo dous selos ao día.




A Vía da Prata

1º EDUCACIÓN PRIMARIA





A VÍA DE PRATA É UNHA DAS RUTAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO. DESDE CHAVES ENTRA EN GALICIA CARA A VERÍN. EN MONTERREI DIVÍDESE, CUN CAMIÑO CARA A XINZO DE LIMIA E OUTRO CARA A LAZA, PARA SE XUNTAREN DESPOIS DE NOVO. NAS LOCALIDADES DE LAZA , XINZO E VERÍN É MOI COÑECIDO O SEU ENTROIDO.



O CIGARRÓN E O CASTELO DE MONTERREI

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

FESTAS E LUGARES
DE INTERESE
CULTURAL EN VERÍN



ESCANÉAME

O ENTROIDO É UNHA FESTA DE CARÁCTER TRADICIONAL QUE SE CELEBRA ENTRE OS MESES DE FEBREIRO E MARZO.


EN GALICIA CELÉBRASE CON CARACTERÍSTICAS PARTICULARES, CON DISFRACES E ESMORGAS MOI DIFERENCIADAS ENTRE DIVERSAS POBOACIÓNS.



O CIGARRÓN: Chámase cigarrón a máscara característica do entroido de Verín. O traxe está composto por: unha camisola branca, gravata e unha chaquetiña curta. Unha gran faixa enrolada á cintura suxeita o pantalón. Enriba da faixa vai o cinto do que colgan as chocas. As pernas do cigarrón van cubertas con medias brancas e ligas. Zapatos mouros e un mallo na man completan o atuendo deste personaxe típico do entroido de Verín.

CASTELO DE MONTERREI: O castelo de Monterrei é unha fortificación medieval, situada no concello de Monterrei. É unha das fortalezas mellor conservadas de Galicia. Foi declarada Monumento Nacional o 3 de xuño de 1931, e na actualidade é un Ben de Interese Cultural.

Unha das construcións destacadas do conxunto é o Hospital de Peregrinos. Trátase dun pequeno edificio de dous pavimentos, que foi obxecto de recentes obras de restauración.




O Camiño Francés

2º EDUCACIÓN PRIMARIA



O CAMIÑO FRANCÉS OU CAMIÑO REAL É A RUTA PRINCIPAL ENTRE AS DISTINTAS VARIANTES QUE OFRECEN OS CAMIÑOS DE SANTIAGO. PODE CONSIDERARSE COMO O CAMIÑO DE SANTIAGO POR ANTONOMASIA POR SER, CON DIFERENZA, A VÍA MÁIS FRECUENTADA DOS DIFERENTES CAMIÑOS.

SEGUINDO O TRAZADO DESTE CAMIÑO PODEMOS PERCORRER O RÍO MIÑO E O RÍO SIL.






O MIÑO E O SIL

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

O POETA MANUEL
MARÍA ESCRIBIU
ESTES POEMAS AOS
RÍOS MIÑO E SIL



ESCANÉAME

O MIÑO É O RÍO MÁIS LONGO DE GALICIA, CUNHA LONXITUDE DE 307,5 km.

O MIÑO NACE NO PEDREGAL DE IRIMIA, NA SERRA DE MEIRA, NO CONCELLO LUGUÉS DE MEIRA, E DESEMBOCA NA GUARDA (PONTEVEDRA) POLA BEIRA GALEGA, E EN CAMINHA (VIANA DO CASTELO) POLA BEIRA PORTUGUESA.



PORTOMARÍN: Seguindo o Camiño Francés podemos visitar entre as terras do río Miño a vila de Portomarín e coñecer a vila antiga que está baixo as augas do embalse de Belesar.

O RÍO SIL É O PRINCIPAL AFLUENTE DO RÍO MIÑO, CO QUE COMPARTE A EXPRESIÓN POPULAR DE «O SIL LEVA A AUGA E O MIÑO A FAMA».

CASTELO DOS TEMPLARIOS: A cidade máis grande que atopa o Río Sil ao seu paso é Ponferrada. En Ponferrada podemos visitar o Castelo dos Templarios e tamén a ponte que se mandou construír para facilitar o paso dos peregrinos nesta zona chamada Pons Ferrata, que daría nome a actual cidade de Ponferrada.



O Camiño de Fisterra



O CAMIÑO DE FISTERRA É O ÚNICO DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO CON ORIXE NA CIDADE DE COMPOSTELA.

TRAS VISITAR AO APÓSTOLO NA CATEDRAL, NUMEROSOS PEREGRINOS DECIDEN CONTINUAR A RUTA PARA REMATAR A SÚA VIAXE EN FISTERRA OU EN MUXÍA.

NESTAS LOCALIDADES PODEMOS COÑECER E VISITAR OS SEUS FAROS.






OS FAROS DE MUXÍA E FISTERRA

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

QUE É UN FARO?
QUE TEÑEN DE
ESPECIAL OS FAROS DE
MUXÍA E FISTERRA?




ESCANÉAME

UN FARO É UNHA CONSTRUCIÓN DOTADA DUN FOCO DE LUZ PARA AXUDAR Á NAVEGACIÓN MARÍTIMA.




O FARO DE MUXÍA: O faro de Muxía non impresiona pola súa beleza arquitectónica, pero sí polo lugar onde está situado, na Punta de Barca.

FARO DE FISTERRA: O faro de Fisterra é un faro situado no cabo Fisterra construído en 1853. A torre é de cantería e base octogonal, de 17 metros de alto cunha cornixa sobre a que se apoia a balconada. A bóveda ten unha lanterna poligonal. A súa luz, situada a 143 metros sobre o nivel do mar, acada máis das 23 millas náuticas. A constante néboa do inverno provocou que se lle engadise unha sirena en 1888, a Vaca de Fisterra, para avisar aos navegantes do perigo existente.




O Camiño de Inverno

4º EDUCACIÓN PRIMARIA



ESTE CAMIÑO É O ÚNICO QUE PASA POLAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS E XURDIU COMO UNHA ALTERNATIVA QUE APROVEITABAN ALGÚNS PEREGRINOS NO INVERNO PARA ADENTRARSE POR GALICIA E CHEGAR Á CATEDRAL DE SANTIAGO, DADAS AS CONDICIÓNIS DE NEVE E ALTITUDE DO CAMIÑO FRANCÉS.

ESTE CAMIÑO ATRAVESA LUGARES MOI FERMOIS DA XEOGRAFÍA GALEGA COMO É A RIBEIRA SACRA.






A RIBEIRA SACRA E A FRAGA DE CATASÓS

4º EDUCACIÓN PRIMARIA




QUE LUGARES
ATRAVESA O
CAMIÑO DE
INVERNO?



ESCANÉAME


A RIBEIRA SACRA É UNHA PARAXE NATURAL GALEGA QUE COMPRENDE AS RIBEIRAS DOS RÍOS SIL, CABE E MIÑO. SITÚASE NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE LUGO E A ZONA NORTE DA DE OURENSE.




CANÓNS DO SIL: Os canóns do río Sil están situados preto da unión entre o río Sil e o río Miño na zona da Ribeira Sacra. Este espazo natural abrangue unha área de superficie de 5.914 hectáreas e está declarado como zona especial de conservación (ZEC). Nas ladeiras e arredores, nas que poden haber pendentes de ata 50°, atópase os cultivos das vides da D.O. Ribeira Sacra. As viñas nas abas chegan mesmo ata a auga.

FRAGA DE CATAÓS: A fraga de Catasós ou carballeira de Quiroga é unha fraga (ou souto mixto) declarada árbore senlleira e monumento natural no ano 2000 e que se sitúa no lugar de Quintela, Catasós, no concello pontevedrés de Lalín. Tamén se coñece co nome de "carballeira" xa que a maior parte dos exemplares dominantes son carballos. Como tamén salienta polos seus senlleiros castiñeiros tamén se lle emprega "souto".

Algúns castaños son de varios centos de anos, de 5 metros de circunferencia e máis de 30 metros de altura (os máis altos de Europa).




O Camiño Portugués



BAIXO A DENOMINACIÓN DE CAMIÑO PORTUGUÉS AGRÚPANSE DISTINTAS VÍAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO QUE, CON ORIXE EN PORTUGAL, VAN CARA A SANTIAGO DE COMPOSTELA. TRADICIONALMENTE, DESCRÍBENSE DÚAS RUTAS PRINCIPAIS QUE ASCENDEN DESDE O SUR DE PORTUGAL, UNHA POLA COSTA DESDE LAGOS A LISBOA, COÍMBRA E TUI; E OUTRA POLO INTERIOR DESDE FARO A ÉVORA, CHAVES E VERÍN.


O ACCESO A GALICIA FAISE POR VALENÇA DO MINHO A TUI OU POR BRAGA A OURENSE, SENDO A PRIMEIRA ALTERNATIVA A MÁIS UTILIZADA, CON DIFERENZA, E A QUE, XA EN GALICIA, RECIBE OFICIALMENTE O NOME DE CAMIÑO PORTUGUÉS.



SANTA TEGRA, FERVENZA DE SEGADE E PONTE SAMPAIO

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

LUGARES DE
INTERESE CULTURAL
E NATURAL



ESCANÉAME

SEGUINDO O CAMIÑO PORTUGUÉS PODEMOS VISITAR O CASTRO DE SANTA TEGRA NA GUARDA, A FERVENZA DE SEGADE EN CALDAS DE REIS OU A PONTE ROMANA DE PONTE SAMPAIO.




CASTRO DE SANTA TEGRA: Os castros son antigos poboados fortificados. A 341 metros de altura, na localidade de A Guarda, atopamos o castro de Santa Tegra, tamén coñecido como castro de Santa Tecla. Segundo expertos neste castro, ata 5.000 persoas viviron no século I a.C. polo que non é raro descubrir que é un dos máis grandes do noroeste da Península Ibérica. Neste xacemento, ademais de atopar restos dos antigos castros, podemos ver petróglifos tanto dentro como fóra do recinto.

FERVENZA DE SEGADE: Unha ferverza é unha caída de auga desde certa altura provocada por un desnivel na canle dun río. Esta ferverza atópase no río Umia.




PONTE ROMANA DE PONTE SAMPAIO: Aínda que a ponte ten orixes romanas, a súa fábrica é medieval. Salva o río Verdugo na súa desembocadura, comunicando as vilas de Ponte Sampaio, en Pontevedra, e Arcade, en Soutomaior. Conta con 10 arcadas e está protexido con tallamares polas dúas bandas. Os peregrinos que fan o camiño portugués teñen que atravesalo na súa viaxe cara Santiago.



O Camiño Inglés

6º EDUCACIÓN PRIMARIA



O CAMIÑO INGLÉS CONTA EN GALICIA CON DÚAS ALTERNATIVAS, AÍNDA QUE CONVÉN SINALAR QUE O ITINERARIO DESDE A CORUÑA É MÁIS CURTO (73 KM) CA O QUE PARTE DE FERROL (112,5 KM). AMBOS, CHEOS DE ATRACTIVOS E HISTORIA, CONFLÚEN A METADE DE CAMIÑO, NA LOCALIDADE DE BRUMA, ONDE CONTINÚAN XUNTOS OS ÚLTIMOS 40 KM ATA COMPOSTELA.







CIDADE VELLA E CATEDRAL DE SANTIAGO


6º EDUCACIÓN PRIMARIA



PATRIMONIO DA
HUMANIDADE E BEN DE
INTERESE CULTURAL




ESCANÉAME



CIDADE VELLA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: A cidade vella de Santiago de Compostela é unha zona urbana da capital galega caracterizada pola súa arquitectura antiga e monumental. Foi elixida como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1985, satisfacendo 3 dos criterios suficientes de selección.

A CATEDRAL: O centro histórico da cidade medrou arredor da catedral a partir do mítico achado do sepulcro do Apóstolo Xacobe no ano 813, atraendo a peregrinación de millóns de persoas durante séculos nun dos fenómenos mais salientables da historia medieval. As edificacións que foron construídas na cidade antiga durante ás épocas románica, gótica e barroca, fixeron dela unha das zonas urbanas mais fermosas do mundo, converténdose nun lugar de culto cun gran esplendor artístico.




BIBLIOGRAFÍA

- *Bo camiño, peregrino!* Rena Ortega
- *É tempo de Entroido!* Ramón de Veiga
- *O Miño canle de luz e néboa.* Manuel María
- *Terra Chá.* Manuel María
- *Atlas da Galicia pequeniña.* César Lorenzo Gil, Jorge Campos Sánchez
- *El camino de Santiago. Acuarelas de viaje.* Antón Pombo Rodríguez
- *Guía ilustrada da Catedral de Santiago.* Marta González Vázquez, Joaquín González Dorao
- *Santiago en Compostela.* Juan López Rico
- *Compostela.* David Pintor


MÚSICA

- Carlos Núñez. Camino de Santiago
- Arco da vella. Muiñeira de Monterrei
- Luar na Lubre. Ambiente Entroido
- Luar na Lubre. Muiñeira do Miño
- Luar na Lubre. Sereas
- Os Cempés. Pasodoble romántico
- Carlos Núñez. Celtique Medieval
- Carlos Núñez. Amanecer
- Carlos Núñez & Friends. Comeza o Xacobeo
- Carlos Núñez. Os gaiteros da noite
- Carlos Núñez. Two Shores (Nubes del otro lado)



VIDEOS

- *A provincia é o teu camiño*, Turismo Deputación de Lugo
<https://www.youtube.com/watch?v=01JY9DdcP2I&t=34s>
- *Sinte a chamada do Camiño Inglés*. Camino Inglés.
<https://www.youtube.com/watch?v=2NEDzRuvQfs>
- *A camino de Santiago story - From above*. Artzi Creative.
https://www.youtube.com/watch?v=lQbrS_YvksQ&t=13s
- *Cigarrón Promo Entroido Verín 2017*. PixelAudiovisuais Operadora de drone.
<https://www.youtube.com/watch?v=ak25UF3JGQs>
- *Castelo de Monterrei a vista de dron*. CastroDron.
<https://www.youtube.com/watch?v=EoDSKrIEVLA&t=5s>
- *Antiguo Portomarín - Lugo - Drone*. Javier Rodríguez.
<https://www.youtube.com/watch?v=ucdz7NSft7c&t=2s>
- *Castillo Templario de Ponferrada a vista de dron*. Martín Montero.
<https://www.youtube.com/watch?v=9MiQT1xUeGs&t=3s>
- *Mandeo Natura - Camariñas e Muxía a vista de drone*. Mandeo Records.
<https://www.youtube.com/watch?v=eV7T6BLSqm8>
- *Faro de Fisterra*. Ruta dos Faros de Galicia.
<https://www.youtube.com/watch?v=YuWLo5llbEA>
- *Cañóns do Mao e o Sil, na Ribeira Sacra, a vista de dron*. CastroDron.
<https://www.youtube.com/watch?v=2JSA9AiHeRQ&t=112s>
- *Catasós*. Xosé Fuentes.
<https://www.youtube.com/watch?v=bppfwFNchRk&t=9s>
- *Monte de Santa Tegra a vista de dron*. A Guarda. Mon Novo López.
<https://www.youtube.com/watch?v=QmW8DQdpWBM&t=24s>
- *Fervenza de Segade a vista de dron*. Caldas de Reis. Mon Novo López.
<https://www.youtube.com/watch?v=v366phcFpG0&t=49s>
- *Pontesampaio - Galiciamáxica.eu*. Alberto Alonso de Dios.
<https://www.youtube.com/watch?v=GhVb4G4kwn0&t=13s>
- *Santiago de Compostela*. Videos drone.
<https://www.youtube.com/watch?v=a6cVpvUrEhQ>
- *Calles vacías en Santiago de Compostela*. Europa Press.
<https://www.youtube.com/watch?v=JMmZGBiVhwk&t=369s>
- *Santiago de Compostela a vista de pájaro*. Oscar M.
<https://www.youtube.com/watch?v=kfx2aPd3E6Y>
- *Segredos - Desmontando Galicia. Santiago de Compostela*. Televisión de Galicia.
<https://www.youtube.com/watch?v=7crPsmhqvZ4>
- *Plaza de la Quintana. Santiago de Compostela*. Ramón Maceiras.
<https://www.youtube.com/watch?v=-yhrHpcqXaY>





Bibliotecas
escolares
de Galicia



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO
CURSO 2021/22